



GALICIA



# LICENZAS E PERMISOS

Orde 7 abril de 2008  
DOG 23-04-2008

## Permiso por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar.

- a) Polo falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade.
- b) Cando se trate do falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando se produza na mesma localidade e de catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.


Enténdese que hai enfermidade grave cando medie hospitalización ou intervención cirúrxica maior ou cando así o determine a inspección médica educativa.

Os supostos de falecemento, accidente ou enfermidade grave de máis dun familiar que teñan lugar o mesmo día non suporán a duplicidade dos días de permiso.

Estes días gozaranse con carácter ininterrompido computándose o día do falecemento, accidente ou enfermidade cando o funcionario ou funcionaria non prestase servizos ese día. Excepcionalmente, no caso de accidente ou enfermidade grave, cando circunstancias de organización familiar para atender á persoa enferma así o aconsellen, poderán gozarse os días de forma ininterrompida, dentro do prazo dos quince días naturais inmediatamente seguintes ao acontecemento que orixina o dereito ao permiso.

En todo caso, compútanse como días hábiles os sábados e os demais días non lectivos que non coincidan con domingo ou día festivo.

Para os efectos de determinar a duración do permiso terase en conta a localidade de residencia que o funcionario ou funcionaria teña comunicado previamente ao centro educativo ou, no seu defecto, á administración educativa.

 -As direccións dos centros determinarán os documentos xustificativos necesarios. **C. DIR**


## Por traslado de domicilio

Por traslado de domicilio, un día na mesma localidade e dous días se hai cambio de localidade. Se a unidade familiar está composta por dous ou máis membros, o permiso será de dous días sen cambio de localidade e de catro días se existe cambio.

Para os efectos de aplicación deste permiso, enténdese que existe traslado de domicilio cando este se produza no marco dunha prestación de servizos continuada. Non se terá dereito a este permiso por traslado de domicilio derivado da adxudicación do primeiro destino como funcionario, interino ou substituto, ou de novo destino adxudicado por nomeamento, resolución de concurso de traslados, comisión de servizos, adscrición, destinos provisionais ou outras análogas.

O permiso enténdese referido ao día en que se produza o efectivo traslado de domicilio e cando teña unha duración superior a un día, gozaranse con carácter ininterrompido.

Os días do permiso son naturais. **C. DIR**

-  -Certificado ou certificados de empadramento.
- Informe do traballador social no cal acredite as persoas que conforman a unidade familiar.
- As direccións dos centros educativos determinarán os documentos xustificativos necesarios.

## Permiso para a realización de funcións sindicais.

Para realizar funcións sindicais, de formación sindical ou de representación do persoal, nos termos legalmente establecidos. **C. DEL**

## Permiso para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude.

Para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude, as funcionarias e funcionarios docentes gozarán de permiso durante os días da súa celebración.


Igual dereito asistirá para concorrer a probas selectivas para ingreso e acceso á función pública.

No termo "exames finais" están incluídos tamén os parciais que sexan liberatorios dunha parte do programa.

Os exames finais ou probas de aptitude deberán estar convocados por centros oficiais.


O permiso abrangerá todo o día no que se celebren as probas. Cando a interesada ou interesado tivese que desprazarse o permiso ampliarase, se fose necesario, no tempo mínimo necesario para as viaxes de ida e volta.

Cando o exame ou proba de aptitude se celebre en día non lectivo non procede a concesión do permiso, agás naqueles supostos nos que fose necesario efectuar desprazamento en período lectivo. **C. DIR**

 -Documento acreditativo da asistencia á proba de aptitude, exame final ou proba de acceso ou ingreso á función pública no que figure o lugar, a data e o centro de realización dos mesmos.

## Permiso de unha hora de ausencia ao traballo por ter un fillo ou filla menor de doce meses.



Este permiso rexerese pola Orde do 29 de marzo de 2006 pola que se regulan as vacacións e o gozo da hora de ausencia ao traballo para as funcionarias e funcionarios docentes que impartan ensinanzas distintas das universitarias e que teñan un fillo menor de nove meses, quedando ampliados estes nove meses a doce.

 -Fotocopia da partida de nacemento do fillo/a que xera o dereito ao permiso **C. DEL C. DIR**

## Por nacemento de fillos que deban permanecer hospitalizados.

Por nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, a funcionaria ou o funcionario docente terá dereito a ausentarse do traballo durante un máximo de dúas horas diarias percibindo as retribucións íntegras.

A duración diaria da ausencia será fixada pola dirección do centro en función das circunstancias que concorran na persoa solicitante. No caso de conflito entre os dereitos do alumnado e do profesorado, a ausencia ao traballo terase que gozar no horario complementario fixo ou de cómputo mensual.

 -Fotocopia da partida de nacemento do fillo ou filla que xera o dereito ao permiso **C. DIR**  
 -Documento que acredite a hospitalización do fillo ou filla que xera o dereito ao permiso ou da condición de prematuro.

## Permiso para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto.

As funcionarias embarazadas terán dereito a ausentarse do traballo para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto polo **tempo necesario para a súa práctica** e logo de xustificación da necesidade de realización delas dentro da xornada de traballo.

O persoal funcionario docente terá o mesmo dereito e nas mesmas condicións, para acompañar ao seu cónxuxe ou parella en análoga relación de afectividade a exames prenatais e técnicas de preparación ao parto. **C. DIR**

- Documento xustificativo da necesidade de realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto dentro da xornada laboral.
- Fotocopia cotexada do libro de familia ou da inscrición no Rexistro oficial de parellas de feito (só no caso de que o cónxuxe ou persoa en análoga relación de afectividade acompañe á persoa que xera o dereito).

## Permiso para tratamentos de fecundación asistida.

O persoal funcionario docente terá dereito a un permiso retribuído para tratamentos de fecundación asistida polo **tempo necesario para a súa práctica**, con aviso previo e xustificación da necesidade de realización dentro da xornada de traballo, sempre que se faga en centros do ámbito do Sistema Nacional de Saúde ou con concerto no réxime especial de seguridade social dos funcionarios públicos. Se fose necesario o desprazamento **fora da provincia, o permiso será de dous días.**

O persoal funcionario docente terá o mesmo dereito e nas mesmas condicións, para acompañar ao seu cónxuxe ou parella en análoga relación de afectividade a tratamentos de fecundación. **C. DIR**

- Documento xustificativo, no que se sinala o centro sanitario correspondente, da necesidade de realización de tratamentos de fecundación asistida dentro da xornada laboral
- Fotocopia cotexada do libro de familia ou da inscrición no Rexistro oficial de parellas de feito (só no caso de que o cónxuxe ou persoa en análoga relación de afectividade acompañe á persoa que xera o dereito)

## Permisos por accidentes ou enfermidades moi graves.

Nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, acollidos/acollidas ou familiares convivintes, e para atender ao seu coidado, o persoal funcionario docente terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da **duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.**

Se houbese máis dun titular deste dereito polo mesmo feito causante, o tempo de gozo deste permiso poderase ratear entre eles, respectando, en todo caso, o prazo máximo de trinta días naturais.

O permiso será concedido, previo informe da inspección médica educativa, e conforme as instrucións de guía de boa praxe que aprobará a Secretaría Xeral.

Poderá solicitarse con anterioridade á resolución, informe da comisión autonómica de inspectores médicos de educación.

A duración do permiso non poderá ser inferior a sete días. Estes permisos que se concedan por tempo inferior aos trinta días naturais poderán ser prorrogados, previa petición do persoal interesado e informe da inspección médica educativa, sen que a súa duración acumulada poida exceder dos trinta días naturais.

No caso de goce do permiso de forma partida ou por máis dun titular, os períodos do mesmo non poderán rematar un venres e reiniciarse o seguinte luns.

O permiso finalizará se variasen as circunstancias que deron lugar á súa concesión. Se a súa finalización implicase o inicio do goce do permiso por falecemento, a substituta ou substituto continuará prestando servizos ata o remate deste último. **C. DEL**

- Documento médico que acredite a enfermidade .
- En función de quen sexa o suxeito que xere o dereito ao permiso:
  - Fotocopia cotexada do libro de familia ou da inscrición no Rexistro oficial de parellas de feito ou
  - Certificado de convivencia ou Informe do traballador social no que acredite as persoas que conforman a unidade familiar (se o permiso se debe a un familiar convivinte)

## Permiso para as revisións médicas

O persoal funcionario docente terá dereito a ausentarse para realizar revisións médicas, para acompañar ás revisións médicas ás fillas e ós fillos, ao seu cónxuxe ou parella en análoga relación de afectividade e ás persoas maiores ao seu cargo polo tempo necesario, **con aviso previo e xustificación da necesidade de realización dentro da xornada de traballo.**

No caso de solicitar o permiso para acompañar nas revisións médicas ou tratamentos aos fillos e fillas maiores de idade, ao cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade ou a persoas maiores deberá acreditarse que esas persoas están ao seu cargo e as limitacións físicas ou psíquicas que lle impidan asistir sós, agás cando se trate de probas diagnósticas dun nivel de dificultade importante ou así sexa aconsellable en función do posible diagnóstico que se vaia emitir.

Cando, con carácter excepcional, este permiso se vaia gozar cunha certa periodicidade, o persoal funcionario docente presentará unha única solicitude con todos os días que presuntamente vai necesitar, acompañada dos documentos xustificativos pertinentes. Os centros educativos, coa finalidade de evitar a colisión de dereitos do profesorado co do alumnado á educación, adoptarán as medidas oportunas para a adecuada atención do alumnado que en casos excepcionais poderá implicar, previo informe da inspección educativa, o nomeamento de persoal docente substituto.

Quedarán xustificadas por este apartado as ausencias por indisposicións ou enfermidades leves non superiores a tres días cando se aporte a pertinente xustificación documental. **C. DEL C. DIR**

- Documento xustificativo da necesidade de realización das revisións médicas dentro da xornada laboral.
- No caso de que o dereito non o xere o funcionario docente, ademais do documento anterior deberase presentar, segundo corresponda, fotocopia cotexada do libro de familia, da inscrición no Rexistro Oficial de Parellas de feito, ou certificado de convivencia expedido polo concello.
- Documento acreditativo da dependencia ou das limitacións físicas ou psíquicas que mostre que a persoa á que acompaña o/a docente non pode asistir soa á revisión médica.

## Permiso por razón de violencia de xénero sobre o persoal funcionario

As faltas de asistencia do persoal funcionario vítima da violencia de xénero, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas **polo tempo e nas condicións nas que así o determinen os servizos sociais** de atención ou de saúde, segundo proceda. **C. DIR**

- Documento expedido polos servizos sociais ou de saúde ou copia cotexada orde xudicial de protección ou afastamento.

## Permiso por deber inexcusable de carácter público ou persoal.

Poderase conceder permiso polo **tempo indispensable para o cumprimento** dun deber inexcusable de carácter público ou persoal e por deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral.

O deber inexcusable debe ser personalísimo, é dicir, sen posibilidade de execución por medio de representante ou substituto.

En todo caso, entenderase por deber de carácter público ou persoal:

- Citacións de xulgados, tribunais de xustiza, comisarías ou calquera outro organismo oficial.
- Asistencia ás reunións dos órganos de goberno e comisións dependentes dos mesmos cando deriven estrictamente do desempeño de cargos electivos.
- A realización de visitas dentro dos programas europeos.
- A asistencia ás reunións das comisións das probas de acceso á universidade.
- A asistencia a reunións cando se sexa convocado ou convocada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou polas súas Delegacións Provinciais.

- Asistencia como presidentas ou presidentes ou vocais ás sesións dun tribunal de selección ou provisión, con nomeamento da autoridade competente.
- O cumprimento de obrigas que xeran ao interesado unha responsabilidade de orde civil, penal, social ou administrativa.

**C. DIR**

Dependendo do motivo que dé dereito ao permiso, deberase presentar un dos seguinte documentos:

- Orixinal ou copia cotexada da citación ou convocatoria do órgano xudicial, administrativo, órgano de goberno ou comisión dependente dos mesmos ou calquera outro órgano oficial
- Orixinal ou copia cotexada da convocatoria ou/e asistencia a reunión das comisións das probas de acceso á universidade, da Consellería de Educación e O.U. ou das súas Delegacións Provinciais ou do órgano de selección ou provisión, con nomeamento da autoridade competente
- Orixinal ou copia cotexada da realización de visitas dentro dos programas europeos.
- Documento que acredite a responsabilidade civil, penal, social ou administrativa do interesado e que supoña o cumprimento dunha obriga.

## Permiso por parto.

O permiso por parto terá unha **duración de dezaseis semanas ininterrompidas**. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade do fillo ou filla, e por cada fillo ou filla a partir do segundo, nos supostos de parto múltiple. O permiso distribuirase a opción da funcionaria **sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto**. No caso do falecemento da nai, o outro proxenitor poderá facer uso da totalidade ou, se é o caso, da parte que reste do permiso.

Malia o anterior, e sen prexuízo das seis semanas inmediatas posteriores ao parto, de descanso obrigatorio para a nai, no caso de que ambos os proxenitores traballen, a nai, ao iniciarse o período de descanso por maternidade, poderá optar por que o outro proxenitor goce dunha parte determinada e ininterrompida do período de descanso posterior ao parto, ben de forma simultánea ou sucesiva coa nai. O outro proxenitor poderá seguir gozando do permiso de maternidade inicialmente cedido, aínda que no momento previsto para a reincorporación da nai ao traballo ésta se atope en situación de incapacidade temporal.

A opción exercitada pola nai poderá ser revogada pola mesma se sobreviñesen feitos que fagan inviable a aplicación da mesma, tales como ausencia, enfermidade ou accidente do pai, abandono de familia, separación ou outras análogas.

Nos casos de gozo simultáneo de períodos de descanso, a suma destes non poderá exceder das dezaseis semanas ou das

que correspondan en caso de discapacidade do fillo ou filla ou de parto múltiple.

Este permiso poderá gozarse a tempo completo ou a tempo parcial, en réxime de media ou un tercio da xornada.

Cando o permiso se goce a tempo parcial, a duración do mesmo ampliarase proporcionalmente en función da xornada de traballo que se realice.

O gozo do permiso a tempo parcial poderase solicitar tanto ao inicio do mesmo como nun momento posterior, e estender a todo o período da súa duración ou a unha parte.

Cando gocen do permiso o pai e a nai poderán facelo ámbolos dous ou un só deles a tempo parcial, con independencia de que o gozo sexa en aproveitamento simultáneo ou sucesivo.

Durante o gozo deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a administración.

Nos casos de parto prematuro e naqueles nos que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, cun máximo de trece semanas.

**C. DEL**

- Copia cotexada da partida de nacemento.
- No caso de que o permiso se amplie por discapacidade da filla ou fillo: documento acreditativo da dita discapacidade
- No caso de que o permiso se amplie por parto prematuro ou por hospitalización do neonato: documento acreditativo da hospitalización.

## Permiso por adopción ou acollemento, tanto preadoptivo coma permanente ou simple.

O permiso por adopción ou acollemento, tanto preadoptivo coma permanente ou simple **terá unha duración de dezaseis semanas ininterrompidas**. Este permiso ampliarase en dúas semanas mais no suposto de discapacidade do menor adoptado ou acollido e por cada fillo, a partir do segundo, nos supostos de adopción ou acollemento múltiple.

O cómputo do prazo contarase a elección do funcionario, a partir da decisión administrativa ou xudicial do acollemento ou a partir da resolución xudicial pola que se constituía a adopción, sen

que un mesmo menor poida dar, en ningún caso, dereito a varios períodos de gozo deste permiso.

No caso de que ámbolos proxenitores traballen, o permiso distribuirase a opción dos interesados, que poderán gozalo de forma simultánea ou sucesiva, sempre en períodos ininterrompidos.

Nos casos de gozo simultáneo de períodos de descanso, a suma destes non poderá exceder das dezaseis semanas ou das que correspondan en caso de adopción ou acollemento múltiple e de discapacidade do menor adoptado ou acollido.

**C. DEL**

Este permiso poderase gozar a tempo completo ou a tempo parcial, en réxime de media ou un tercio da xornada.

Cando o permiso se goce a tempo parcial, a duración do mesmo ampliarase proporcionalmente en función da xornada de traballo que se realice.

O gozo do permiso a tempo parcial poderá solicitarse tanto ao inicio do mesmo como nun momento posterior, e podéndose estender a todo o período da súa duración ou a unha parte.

Cando gocen do permiso os dous cónxuxes poderán facelo ambos os dous ou un só deles a tempo parcial, con independencia de que o gozo sexa en aproveitamento simultáneo ou sucesivo.

Se fose necesario o desprazamento previo dos proxenitores ao país de orixe do adoptado ou acollido, nos casos de adopción ou acollemento internacional, terase dereito, ademais, a un permiso de ata tres meses de duración, e durante este período percibiranse exclusivamente as retribucións básicas, podendo gozarse de forma fraccionada, sempre que non se superen os tres meses.

Con independencia do permiso de ata tres meses previsto no parágrafo anterior e para o suposto previsto no devandito parágrafo, o permiso por adopción ou acollemento, tanto preadoptivo coma permanente ou simple, poderase iniciar ata catro semanas antes da resolución xudicial pola que se constituía a adopción ou a decisión administrativa ou xudicial do acollemento.

Durante o gozo deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

Os supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo coma permanente ou simple, previstos neste artigo serán os que así se establezan na normativa aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia, e o acollemento simple deberá ter unha duración non inferior a un ano.

C. DEL

- Resolución administrativa/xudicial de adopción ou acollemento, no que figure, de ser o caso, o carácter internacional da adopción ou acollemento
- No caso de que o permiso se amplíe por discapacidade do neno/a adoptado/a ou acollido: documento acreditativo da dita discapacidade.

## Permiso para asuntos persoais

Poderase dispoñer de ata **catro días por curso académico**, como máximo, de permiso para asuntos persoais sen xustificación, atendendo sempre ás necesidades do servizo, **dos cales dous poderán ser en días lectivos**.

C. DIR

## Permiso por paternidade

O permiso de paternidade polo nacemento, acollemento ou adopción dun fillo ou filla terá unha **duración de vinte e nove días naturais**, que gozará o pai funcionario **a partir da data de nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou de resolución xudicial pola que se constituía a adopción**. No caso de parto, acollemento ou adopción múltiple, o permiso será de trinta e cinco días naturais.

Nos supostos de adopción ou acollemento, se ambos os proxenitores fosen persoal ao servizo da administración pública galega, o permiso poderase distribuír a opción dos interesados, que poderán gozalo de forma simultánea ou sucesiva, sempre en períodos ininterrompidos, respectando en todo caso o prazo de duración.

Este permiso é independente do gozo compartido dos permisos por parto ou por adopción ou acollemento.

A nai poderá gozar deste permiso por paternidade a continuación dos permisos por parto ou por adopción ou acollemento nos seguintes supostos:

- Cando o pai falecese antes da utilización íntegra do devandito permiso.
- Se a filiación paterna non estivese determinada.
- Cando os proxenitores non estivesen casados nin estivesen unidos de feito en análoga relación de afectividade.
- Cando en resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado antes da utilización do permiso, se lle recoñecese á nai a garda do fillo ou da filla que acaba de nacer.

No suposto de matrimonio de mulleres ou de unións de feito en análoga relación de afectividade, ao ser unha delas a nai biolóxica, a que non o sexa terá dereito ao permiso de paternidade nos termos fixados neste epígrafe.

Nos casos de permiso por parto, adopción ou acollemento e paternidade, o tempo transcorrido durante o gozo destes permisos computarase como de servizo efectivo para todos os efectos, garantíndose a plenitude de dereitos económicos do persoal fun-

cionario durante todo o período de duración do permiso e, se é o caso, durante os períodos posteriores ao gozo deste, se, de acordo coa normativa aplicable, o dereito a percibir algún concepto retributivo se determina en función do período de gozo do permiso.

Os funcionarios que fixesen uso do permiso por parto ou maternidade, paternidade e adopción ou acollemento terán dereito, unha vez finalizado o período de permiso, a reintegrarse ao seu posto de traballo nos termos e nas condicións que non lles resulten menos favorables ao gozo do permiso, así como a beneficiarse de calquera mellora nas condicións de traballo ás que puidesen ter dereito durante a súa ausencia.

O persoal funcionario docente que estivese ou iniciase o permiso por paternidade, no transcurso do mes de agosto, non se considerará que gozaron das vacacións durante o mes de xullo, polo que terán dereito aos días de vacacións non gozados, unha vez finalizado o permiso de paternidade.

O persoal funcionario interino ou substituto docente que non estivese prestando servizos e reunise os requisitos para estar gozando do permiso de parto ou maternidade, paternidade e adopción ou acollemento terá dereito a ser chamado para as interinidades e substitucións que lles correspondan, tomando posesión coa finalidade de que os servizos que lles correspondería prestar lle sexan recoñecidos para os efectos administrativos e os económicos cando non tiveran dereito ás prestacións correspondentes. No suposto de que no momento da finalización do permiso estivese vixente o nomeamento de interinidade ou substitución, terán dereito a optar pola incorporación á praza. No caso contrario cesarán na mesma tamén a efectos administrativos.

C. DIR

- Copia cotexada da partida de nacemento ou da resolución administrativa ou xudicial de adopción ou acollemento.
- No caso de que sexa a nai quen faga uso deste permiso e en función da circunstancia que orixine este dereito, deberase aportar o documento que acredite o dereito da nai a facer uso do mesmo.

## Permiso para a asistencia a actividades de formación do profesorado.

1.- Actividades de formación organizadas polo servizo centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A admisión a estas actividades implica o permiso para asistir a estas. Este permiso será notificado á inspección educativa e á dirección do centro.

2.- Actividades de formación organizadas polos Centros de Formación e Recursos.

O profesorado só poderá asistir ás actividades organizadas polos centros de formación e recursos fóra do seu horario lectivo.

3.- Actividades de formación organizadas polas universidades, organizacións sindicais, asociacións profesionais ou similares.

O profesorado que desexe participar en calquera actividade de formación organizada polas universidades, organizacións sindicais, asociacións profesionais ou similares que se desenvolvan, total ou parcialmente, **en horario lectivo, deberán solicitar o permiso correspondente**, segundo o procedemento que segue:

O profesorado interesado formulará a súa solicitude ao Delegado provincial a través da dirección do centro, que a tramitará acompañada dun informe no que se indiquen as posibles repercusións que a ausencia de dito profesor ou profesora tería na actividade docente, así como as medidas que se adoptarán para paliar, dentro do posible, as incidencias previstas.

Para a posible autorización teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- a) Relación entre a actividade solicitada e a función que desempeña o profesor ou profesora.
- b) Repercusión positiva da actividade formativa na calidade educativa do centro.
- c) Repercusión da ausencia do profesor ou profesora na actividade docente do centro.
- d) Número de profesores ou profesoras do centro que asisten, simultaneamente, a actividades de formación.

Estas solicitudes serán informadas pola inspección educativa quen verificará os criterios anteriormente mencionados co fin de garantir a obxectividade e homoxeneidade na concesión das autorizacións.

As solicitudes e o informe da dirección do centro deberán ter entrada na Delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria cunha antelación mínima de 10 días ao inicio da actividade formativa.

En todo caso, estar en posesión da autorización, será un requisito necesario para asistir a actividades de formación en horario lectivo.


As faltas de asistencia do profesorado ás súas actividades lectivas, por ter asistido con autorización a actividades formativas, xustificaranse coa certificación de asistencia ás mesmas, que se acompañará ao parte mensual de faltas.

### Licenza por matrimonio ou unión de feito

Por razón de matrimonio o persoal funcionario docente terá dereito a unha licenza de **quince días naturais ininterrompidos**. O mesmo permiso será de aplicación nos supostos de inscrición nos rexistros oficiais de unións de feito.

O permiso deberase gozar, con carácter xeral, **en datas que comprendan o día do feito causante ou inmediatamente despois**. Excepcionalmente, e por causa motivada, poderase gozar noutras datas diferentes e sempre dentro do curso académico no que ten lugar o feito causante.

**C. DEL**

 -Fotocopia cotexada do libro de familia ou da inscrición no Rexistro oficial de parellas de feito

### Licenza por asuntos propios

Por asuntos propios poderán concederse, ao persoal funcionario de carreira e interino, licenzas sen retribución dunha duración acumulada que non poderá exceder de **tres meses cada dous anos**. A concesión desta licenza subordinarase, en todo caso, ás necesidades do servizo e, con carácter xeral, **non terá unha duración inferior a cinco días**.

O cómputo dos dous anos iniciarase o mesmo día no que comece o gozo da licenza. Os días de concesión da licenza serán naturais.

**C. DEL**

### Licenza por enfermidade

As licenzas por enfermidade fixaranse de acordo co réxime da Seguridade Social a que pertenza o persoal funcionario.

**C. DEL**

### Licenza por estudos

As funcionarias e funcionarios docentes terán dereito a gozar de licenzas por estudos de acordo coa normativa vixente e as convocatorias que ao efecto realice a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**C. DEL**

## Redución de xornada por garda legal

Por razóns de garda legal, cando o persoal funcionario docente se encargue do coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación ou dunha persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída terá dereito a unha redución dun terzo ou dun medio da xornada de traballo, coa diminución proporcional das súas retribucións.

Terá o mesmo dereito o persoal funcionario que precise encargarse do coidado directo dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non se poida valer por sí mesmo e que non desempeñe actividade retribuída.

A concesión da redución de xornada por razón de garda legal será incompatible coa realización de calquera outra actividade, sexa ou non remunerada, durante o horario que foi obxecto da redución.

A percepción dunha pensión por un diminuído físico ou psíquico non é equiparable ao desempeño de actividade retribuída.

Esta redución de xornada poderá acumularse co permiso por lactación dun fillo menor de doce meses.

A redución de xornada abranguerá na proporción que se conceda ao horario lectivo, horario complementario fixo e horario semanal de permanencia no centro.

A concesión da redución de xornada, en función da organización do centro, poderá eximir da obrigatoriedade de impartir docencia durante todos os días da semana.

**C. DEL**

- Fotocopia cotexada do libro de familia ou copia cotexada da resolución administrativa ou xudicial pola que se lle outorga a garda legal á persoa que solicita a licenza
- Certificado da axencia tributaria acreditativo de que a persoa que xera o dereito á licenza non desempeña actividade retribuída ou copia da última declaración da renda desta persoa.
- Promesa ou declaración xurada da persoa que fai uso da licenza conforme non realizará ningún tipo de actividade, remunerada ou non, durante o horario que foi obxecto da redución.

## Redución de xornada por coidado dun familiar.

Por ser preciso atender ó coidado dun familiar de primeiro grao, o persoal funcionario docente terá dereito a solicitar unha redución de ata o 50% da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun mes, prorrogable en circunstancias excepcionais e atendendo á extrema gravidade da enfermidade padecida, ata un período máximo de dous meses.

Se houbese máis dun titular deste dereito polo mesmo feito causante, o tempo de gozo desta redución poderase ratear entre eles, respectando, en todo caso, o prazo máximo dun mes ou, se é o caso, de dous meses.

Excepcionalmente, poderá gozar desta redución un familiar en segundo grao cando non existan superviventes de primeiro grao ou estean incapacitados para atender ao seu coidado.

Esta redución será concedida, logo do informe da inspección médica educativa, e conforme a guía de boa praxe que aprobará a Secretaría Xeral.

Poderase solicitar con anterioridade á resolución, informe da comisión autonómica de inspectores médicos de educación.

A duración da redución non poderá ser inferior a sete días. A mesma poderá ser prorrogada, logo de petición do persoal interesado e informe da inspección médica educativa, sen que a súa duración acumulada poida exceder do prazo máximo dun mes ou, se é o caso, de dous meses.

A redución de xornada finalizará se variaran as circunstancias que deron lugar á súa concesión. Se a súa finalización implicase o inicio do gozo do permiso por falecemento, a substituta ou substituto continuará prestando servizos ata o remate deste último.

**C. DEL**

- Fotocopia cotexada do libro de familia
- Documento médico que acredite o carácter moi grave da enfermidade.
- No caso de que o dereito á licenza o orixine un familiar en segundo grao, deberáse aportar documento que acredite que non existen superviventes de primeiro grao ou ben que, existindo, estean incapacitados para atender ao seu coidado.

## Redución de xornada por violencia de xénero.

Así mesmo, o persoal funcionario docente vítima de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito á redución da xornada coa diminución proporcional da retribución ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo, cando iso sexa posible en función da organización do propio centro e do horario do alumnado.

**C. DEL**

- Documento expedido polos servizos sociais ou de saúde ou copia cotexada orde xudicial de protección ou afastamento

## Imprevistos

No caso de imprevistos, indisposicións ou enfermidades leves non superiores a tres días, a dirección do centro poderá aceptar as xustificacións non documentais do persoal funcionario docente ata un máximo de vinte e catro períodos lectivos durante o curso escolar. Cando se superen estes períodos lectivos ou se rexeite a xustificación pola dirección do centro, as faltas deberán xustificarse sempre documentalmente.

**C. DIR**

### Familiares de 1.º Grao

Cónxuxe, fillos, pais, xenro/nora e sogros.

### Familiares de 2.º Grao

Netos, irmáns, cuñados e avós.

**C. DEL: Competencia Delegado**

**C. DIR: Competencia Director**

[www.anpegalicia.com](http://www.anpegalicia.com)



**ANPE-Galicia**

C/ Salgueiriños de Abaixo, Bq. 4 - 4.º B  
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)  
981 55 23 93 • galicia@anpe.es

**ANPE-Santiago**

C/ Salgueiriños de Abaixo, Bq. 4 - 4.º B  
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)  
981 55 23 93 • santiago@anpe.es

**ANPE-Coruña**

Avda. Buenos Aires, 7 Entpla. Izq. • 15009 A Coruña  
981 27 19 15 - 981 27 21 32 • acoruna@anpe.es

**ANPE-Ourense**

Progreso, 83 - 1.º D • 32004 Ourense  
988 25 30 24 • ourense@anpe.es

**ANPE-Lugo**

San Roque, 94-98 - Entpla. izq • 27002 Lugo  
982 22 79 12 • lugo@anpe.es

**ANPE-Pontevedra**

Rosalía de Castro, 52 - 1.º A • 36001 Pontevedra  
986 86 01 30 • pontevedra@anpe.es

**ANPE-Vigo**

Progreso, 41-Entlo. Of. 2 • 36002 Vigo  
986 43 70 43 • anpe@mundo-r.com